

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 414/ 2026

ASUNTO: CONVOCATORIA URGENTE PARA SELECCIÓN DUN XEFE DE BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS 2026

Vista a proposta efectuada, con data 25 de xuño de 2026, polo Tribunal de Selección nomeado para a contratación de 1 Xefe de brigada (capataz forestal), 1 Peón – Conductor de brigada con carné B e 3 Peóns de brigada, en réxime laboral temporal e polo prazo de 3 meses, con destino á constitución no municipio de 1 brigada de prevención e defensa contra incendios forestais para o ano 2023, convocada por Resolución desta Alcaldía de data 3 de xuño de 2026. (Anuncio da Convocatoria no BOP de Lugo nº 128, do 06/06/2026, no taboleiro de anuncios e páxina web).

Visto que na proposta efectuada, non se seleccionou a ningún candidato para o posto de Xefe de Brigada (Capataz forestal), ao non presentarse ningún dos aspirantes da lista de admitidos.

Ante a necesidade imperiosa da constitución de dita brigada, se abre un novo proceso de selección urgente improrrogable, para o día 26/06/2026 ás 9h30 no salón de sesións do Concello de Begonte, para 1 posto de *Xefe de Brigada (Capataz forestal)*, xa que como establece o convenio asinado ca Consellería de Medio rural “se considera totalmente inoperativa a brigada cando falte o xefe de brigada”.

Debido o carácter urgente da convocatoria para o posto de Xefe de Brigada, para optar o posto pódense presentar todos aqueles que presentaron a instancia no prazo establecido e non se presentaron o día 25/06/2026 e todos os demais interesados que e presenten documentación durante o día de hoxe e ata mañá 26/06/2026, antes das 9h30 cumprindo os requisitos establecidos nas bases publicadas o 06/06/2026, no apartado de emprego na web do concello.

O proceso de selección consistirá nunha proba práctica o 26/06/2026 ás 9h30 no Centro Cultural de Begonte (fronte ao Centro de Saúde –Estrada N-VI) , todos os aspirantes deberán vir provistos do DNI, e unha fase de concurso no que se poderá obter como máximo 3,00 puntos, tendo en conta o baremo dos méritos establecido nas bases da convocatoria (experiencia profesional, formación e coñecemento do galego).

En caso de empate na puntuación final, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase de oposición, e despois dentro da fase de concurso no apartado de experiencia profesional e así sucesivamente seguindo a orde dos distintos apartados ata que se desempate. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

Así o manda e asina en Begonte, o Señor Alcalde- Presidente do que eu, secretario, dou fe.

O Alcalde - Presidente,

O Secretario - Interventor,

DECRETO
Número: 2026-0241 Data: 25/06/2026

